

**PROGRAMACIÓN  
DE  
LINGUA GALEGA E  
LITERATURA  
DA  
ESO  
(2º e 4º)**

**CURSO 2015 - 2016**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA  
E LITERATURA**

**IES "Illa de Sarón" XOVE**

# Índice

	PÁX.
<b>1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	
1.1- Composición do Departamento.....	3
1.2- Marco legal.....	3
1.3- Contextualización.....	3
<b>2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS .....</b>	<b>5</b>
<b>3.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN PARA 2º e 4º DA E.S.O.....</b>	<b>6</b>
3.1- Obxectivos xerais para 2º e 4º de ESO.....	6
3.2- Contidos, contidos mínimos e temporalización temario, 2º curso da E.S.O .....	8
3.2.1- Obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación.....	9
3.2.2- Contidos mínimos .....	13
3.2.3- Temporalización dos contidos .....	14
3.3- Contidos, contidos mínimos e temporalización temario, 4º curso da E.S.O.....	15
3.3.1- Obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación.....	16
3.3.2- Contidos mínimos .....	20
3.3.3-Temporalización dos contidos .....	21
<b>4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS CURRICULARES .....</b>	<b>22</b>
4.1- Metodoloxía .....	22
4.2- Materiais curriculares.....	24
4.2.1- Libros de texto e outros materiais.....	24
4.2.2- Libros de lectura.....	25
<b>5.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....</b>	<b>28</b>
5.1- Criterios avaliación.....	28
5.2- Criterios cualificación.....	28
5.2.1- Sistema de avaliación e cualificación para 2º da E.S.O) .....	28
5.2.2- Sistema de avaliación e cualificación para 4º da E.S.O. ....	30
5.2.2.1- Avaliación e cualificación nas probas extraordinarias setembro 3º e 4º .....	31
5.3- Publicidade dos procedementos de avaliación.....	31
5.4- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	32
5.4.1-Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	32
<b>6.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>33</b>
<b>7.- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES .....</b>	<b>34</b>
<b>8.- ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO .....</b>	<b>34</b>
<b>9.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO .....</b>	<b>35</b>
9.1- Características xerais e obxectivos .....	35
9.2- Actividades .....	35
<b>10.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>36</b>
10.1- Educación en valores .....	36
10.2- Plan de convivencia .....	37
<b>11.- FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC .....</b>	<b>37</b>
11.1- Plan lector .....	37
11.2- O fomento das TIC .....	38
11.2.1- O Proxecto "Abalar" .....	38
<b>12.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN .....</b>	<b>39</b>
<b>13.- ANEXOS .....</b>	<b>39</b>
13.1- Anexo I (Criterios de cualificación das faltas de ortografía).....	39
13.2- Anexo I (Avaliación do proceso de ensino e do profesor para 2º e 4º da ESO) .....	41

# 1- INTRODUCCIÓN

## 1.1 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de Lingua e Literatura Galegas do IES Illa de Sarón de Xove durante o curso 2015-2016 estará composto por M<sup>a</sup> Inmaculada Gayoso Neira que impartirá clases de Lingua e Literatura Galegas en 1º, 2º, 3º, 4º de ESO e exercerá a función de Xefa do Departamento.

No libro de actas do Departamento figurarán as decisións tomadas ao longo do curso e os resultados das avaliacións.

## 1.2 MARCO LEGAL

A programación foi elaborada de acordo coas seguintes disposicións legais:

- 1.- Decreto 133/2007 do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 13 de xullo de 2007).
- 2.- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3.- Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica e regula a avaliación na ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Tamén se tiveron en contra os criterios recollidos no Proxecto Educativo do Centro, das decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia didáctica acumulada.

## 1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Illa de Sarón é un centro de titularidade pública que comezou a funcionar o curso 1996/97 como centro de nova creación. Consta dos seguintes niveis educativos: **SECUNDARIA OBRIGATORIA, FP BÁSICA, CICLO MEDIO de EXPLOTACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS e CICLO SUPERIOR de PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN EN MOLDEOS DE METAIS E POLÍMEROS.**

Trátase dun centro situado no núcleo urbano de Xove, cun alumnado na ESO procedente

deste núcleo, así como das restantes parroquias que compoñen o Concello; nos ciclos a procedencia do alumnado é máis diversa, pois temos alumnos/as de distintos concellos da Mariña.

Xove é un concello onde a maioría dos habitantes son galegofalantes, polo que a lingua utilizada pola maior parte do alumnado dentro e fóra da aula é o galego, ademais a valoración que o alumnado ten da utilidade do galego é bastante positiva en xeral.

## 2 - CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O carácter integrador da materia de Lingua Galega e Literatura, fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das competencias básicas, o alumnado desenvolve de forma específica os coñecementos, habilidades e actitudes que definen ditas competencias.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como finalidade primeira a mellora da **competencia comunicativa**, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e de emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están ao noso dispor. Non se trata, polo tanto, de adquirir só saberes teóricos, senón tamén saberes prácticos. Así, a linguaxe constitúese en instrumento de aprendizaxe do resto das áreas, e ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

A **competencia cultural e artística** supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal; é, en consecuencia, unha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Desde esta área trátase de capacitar o alumnado para entender a linguaxe literaria, valorar os textos, establecer relacións entre estes e o medio no que naceron, pero sobre todo ser capaz de gozar da lectura.

Como a propia lingua é unha ferramenta, temos que intentar aprenderlle ao alumnado

a manexala en todas as situacións de comunicación, o que nos leva á competencia no **tratamento da información e competencia dixital**. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo a distintas finalidades.

Na medida na que a linguaxe é un instrumento de relación social básico parece necesaria unha aprendizaxe que nos axude a comunicármonos cos demais e a comprender a realidade social do mundo no que se vive, co que se relaciona directamente coa **competencia social e cidadá**. De aí que as actividades da clase de lingua galega, entendida esta como un microcosmos social, lle faciliten ao alumnado prepararse para participar de maneira construtiva nas actividades da comunidade, axudándoo a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís. Nesta área é importante inculcar no alumnado a necesidade de caracterizar usos da linguaxe que manifesten prexuizos raciais, sexistas ou clasistas, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe, ademais das variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais, xa que acotío a linguaxe vai asociada a estereotipos ou prexuizos culturais.

Os contidos desta área e etapa son instrumentais, e deben preparar o alumnado para seguir adquirindo coñecementos. É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación coa **competencia para aprender a aprender**. A clase de lingua galega pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poida aprender en calquera situación. O cultivo desta competencia, vese favorecido polo traballo con textos orais e escritos, propios da lingua e cultura galega.

A relación coa **competencia en autonomía e iniciativa persoal** establécese no propio proceso de ensino-aprendizaxe, o que lle posibilita ao alumnado a transformación da información en coñecemento, caracterizando o que considere oportuno, e incorporando todo aquilo que o enriqueza e o axude a ser unha persoa máis respectuosa e aberta. Facilitaráselle así a consecución da súa autonomía persoal e a súa capacitación para integrarse como compoñente pleno na sociedade, asumindo valores éticos e sociais que imperan nela.

### **3 – OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN PARA 2º e 4º DA E.S.O**

#### **3.1- OBXECTIVOS XERAIS PARA 2º E 4º DA E.S.O.**

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

### 3.2- CONTIDOS, CONTIDOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN DO TEMARIO PARA 2º DA E.S.O.

#### 3.3.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º DA E.S.O

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
COMUNICACIÓN ORAL	<p>1. Comprender o sentido global de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e textos orais do ámbito académico, desenvolvendo habilidades de escoita activa.</p> <p>2..Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.</p> <p>3.Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os medios de comunicación audiovisual: análise das linguaxes específicas.</li> <li>A noticia.</li> <li>A crónica.</li> <li>A reportaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprensión de novas de actualidade e de informacións de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.</li> <li>Elaboración dunha opinión persoal sobre os distintos medios de comunicación audiovisual.</li> <li>Análise das características específicas dos medios de comunicación audiovisuais: tv, radio, reparando especialmente na interrelación entre a linguaxe verbal e outras linguaxes.</li> <li>Práctica da expresión oral mediante a realización de crónicas, noticias ou reportaxes.</li> <li>Realización de exposicións orais planificadas sobre traballos e informacións de actualidade.</li> <li>Recoñecemento dos trazos propios da comunicación mediante novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conciencia da necesidade de coidar a produción de textos orais, respectando ao interlocutor.</li> <li>Captación das distintas intencións comunicativas en que se producen os textos orais.</li> <li>Valoración da importancia de planificar as intervencións orais.</li> <li>Respecto das opinións dos demais e defensa das ideas propias.</li> <li>Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen e ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.</li> <li>Valoración das producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos asociados a ela.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos orais.</li> <li>Ler de maneira comprensiva.</li> <li>Expoñer información en público de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.</li> </ul> <p><b>Social e cidadá</b></p> <p><b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender a expresarse oralmente de forma adecuada e utilizar activamente as regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións.</li> <li>Asimilar o vocabulario e integralo nas producións orais e escritas adaptadas a situacións comunicativas determinadas.</li> <li>Interiorizar actitudes cívicas e practicar o diálogo como único medio para resolver problemas ou diferentas de opinións.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema e obter información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprender a intención comunicativa implícita ou explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</li> <li>Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais.</li> <li>Expresar as propias ideas e escoitar as alleas, e ser quen de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.</li> <li>Ler con fluidez e coa entoación e pausas adecuadas.</li> <li>Utilizar o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.</li> </ul>

B L O Q U E	O B J E T I V O S	C O N T I D O S			C O M P E T E N C I A S	C R I T E R I O S A V A L I A C I Ó N
		C O N C E P T U A I S	P R O C E D E M E N T A I S	A C T I T U D I N A I S		
C O M U N I C A C I Ó N  E S C R I T A	<p>1. <i>Comprender e analizar textos propios dos medios de comunicación, textos académicos de tipo instrutivo e expositivo e textos propios da vida cotiá.</i></p> <p>2. <i>Recoñecer as diferenzas entre información e opinión nos textos dos medios de comunicación traballados.</i></p> <p>3. <i>Identificar o tema e os subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.</i></p> <p>4. <i>Escribir con corrección textos propios tendo como referencia os modelos propostos na aula.</i></p> <p>5. <i>Usar as TIC na elaboración de textos escritos (procesadores de texto, correctores)</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os textos xornalísticos: entrevista, crónica e reportaxe.</li> <li>Os textos instrutivos e expositivos.</li> <li>Os textos de comunicación social: carta, correo electrónico, notas, SMS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprensión e elaboración en soporte papel ou dixital de textos propios do ámbito social, do académico e dos medios de comunicación (entrevistas, crónicas, reportaxes).</li> <li>Planificación, revisión e presentación de textos escritos, respectando as normas gramaticais e ortográficas, segundo a temática, fins, destinatarios e soporte de cada texto.</li> <li>Manexo dos procesadores de textos e correctores ortográficos na elaboración dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.</li> <li>Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios</li> <li>Interese por manterse informado.</li> <li>Conciencia sobre o carácter procesual da escritura.</li> <li>Interese por desenvolver as propias capacidades expresivas mediante textos escritos.</li> <li>Respecto polas convencións da lingua escrita.</li> <li>Postura crítica ante os medios de información</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos orais.</li> <li>Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema e obter información.</li> </ul> <p><b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer a idea central dun texto, así como as ideas secundarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</li> <li>▶ Escribir -a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas-textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.</li> <li>▶ Consultar textos de diferentes soportes para analizar criticamente a información e integrala na elaboración de traballos académicos.</li> </ul>

B L O Q U E	O B X E C T I V O S	C O N T I D O S			C O M P E T E N C I A S	C R I T E R I O S A V A L I A C I O N
		C O N C E P T U A I S	P R O C E D E M E N T A I S	A C T I T U D I N A I S		
F U N C I O N A M E N T O D A L I N G U A	<p>1. Identificar os elementos formais do texto nos niveis fonético-fonolóxico, léxico-semántico e morfosintáctico da lingua galega, de acordo coa norma lingüística, utilizándoas en expresións orais e escritas.</p> <p>2. Ampliar o vocabulario básico.</p> <p>3. Identificar e revisar a adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.</p> <p>4. Recoñecer e usar reflexivamente os nexos e conectores textuais máis comúns (espaciais e de contraste), e máis os mecanismos de cohesión textual.</p> <p>5. Inducir, a partir de usos contextualizados, a estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecer os seus aspectos morfolóxicos máis precisos</p> <p>6. Distinguir entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase.</p> <p>7. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e respectando as propiedades textuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>As propiedades textuais: adecuación, coherencia, cohesión, gramaticalidade.</li> <li>Léxico: os xogos tradicionais, flora e fauna, aspecto físico, as festas, o medo, os deportes, verbos de pensamento, os alimentos, adxectivos caracterizadores, verbos de acción.</li> <li>Semántica: termos contrarios, complementarios, recíprocos, topónimos, xentilicios.</li> <li>Sintaxe: a frase e as funcións sintácticas na oración.</li> <li>A estrutura das palabras: lexemas, morfemas. A derivación, composición. Familias léxicas.</li> <li>As regras básicas de acentuación e puntuación.</li> <li>Forma e funcións das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redacción de textos prestando atención especial á puntuación, acentuación e ortografía galegas.</li> <li>Realización de actividades de ampliación do léxico propio dos campos semánticos tratados.</li> <li>Comprensión do sentido global dun texto, identificando os grandes temas presentes neste.</li> <li>Emprego dos diferentes procedementos utilizados para a formación de palabras.</li> <li>Identificación das unidades e funcións sintácticas en enunciados e textos e construción de enunciados propios seguindo os esquemas sintácticos traballados.</li> <li>Elaboración de mapas conceptuais que establezan as relacións semánticas e morfolóxicas que se poden dar no substantivo.</li> <li>Uso correcto da adxectivación nos textos de produción propia.</li> <li>Realización de actividades encamiñadas a a familiarizar o alumnado cos distintos graos do adxectivo.</li> <li>Identificación dos distintos tipos de determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, etc..</li> <li>Realización de actividades onde se empreguen os distintos tipos de determinantes traballados.</li> <li>Práctica da colocación correcta do pronome.</li> <li>Emprego axeitado dos pronomes.</li> <li>Identificación dos aspectos morfolóxicos do verbo e emprego correcto das formas dos diferentes tempos verbais.</li> <li>Prácticas de integración nun só texto de todas as regras ortográficas aprendidas ao longo do curso.</li> <li>Identificación dos adverbios, preposición e conxuncións, distinguindo as diferenzas ou matices no significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interese e respecto por cumprir coas normas de ortografía, acentuación e puntuación da lingua galega.</li> <li>Conciencia dos límites na transformación e o uso da lingua galega.</li> <li>Valoración dun pensamento pautado e metódico como procedemento de aprendizaxe da lingua, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>Conciencia da importancia da corrección ortográfica.</li> <li>Interese por enriquecer o vocabulario.</li> <li>Conciencia da importancia do dominio da lingua galega, da cultura e da creatividade.</li> <li>Importancia da análise e a reflexión na adquisición de coñecementos a través de los diferentes usos da lingua galega.</li> <li>Conciencia de que a lingua galega é unha ferramenta viva, en transformación.</li> <li>Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.</li> <li>Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b> <b>Aprender a aprender</b> <b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar en usos propios da lingua galega os elementos formais do texto oral ou escrito, nos niveis fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático.</li> <li>Asimilar o vocabulario e integralo nas producións orais e escritas adaptadas a situacións comunicativas determinadas.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Trasladar a unha ficha de traballo os datos estudados.</li> <li>Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as normas ortográficas de uso e aplicarlas a calquera tipo de texto lingüístico para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.</li> <li>Elaborar diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, expositivos etc) en lingua galega, tendo en conta os criterios lingüísticos, léxicos e gramaticais estudados. Planificar e revisar ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica..</li> <li>Identificar en usos propios da lingua galega os elementos formais do texto oral ou escrito, nos niveis fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.</li> <li>Aplicar o vocabulario básico estudado.</li> </ul>

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
LINGUA SOCI DADE	<p>1. Coñecer a situación xeral das linguas minorizadas e das internacionais,.</p> <p>2. Comprender a situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais.</p> <p>3. Coñecer a nosa lexislación esencia l en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia</p> <p>4. Observar as principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A situación das linguas. Linguas dominantes e linguas minorizadas.</li> <li>• As linguas do Estado Español.</li> <li>• A lexislación do galego. A toponimia e a antroponimia.</li> <li>• Dúas linguas nunha sociedade: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico. A normalización lingüística.</li> <li>• As variedades xeográficas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación para coñecer a realidade plurilingüe do mundo.</li> <li>• Análise da situación sociolingüística galega mediante a realización de pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar os prexuízos lingüísticos existentes na nosa sociedade.</li> <li>• Redacción de obxectivos para impulsar o uso das linguas menos protexidas.</li> <li>• Análise dalgúns artigos fundamentais do <i>Estatuto de Autonomía</i> e da <i>Lei de Normalización lingüística</i>.</li> <li>• Comparación das circunstancias en que se atopa o proceso de normalización lingüística en Galicia coa situación que viven outras linguas xa normalizadas.</li> <li>• Identificación de palabras dadas co bloque lingüístico ao que pertencen</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude reflexiva cara á situación actual do galego.</li> <li>• Valoración da lingua galega como propia de Galiza.</li> <li>• Valoración da pluralidade lingüística do mundo e do Estado español como riqueza cultural universal.</li> <li>• Conciencia das necesidades e posibilidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</li> <li>• Valoración do plurilingüismo como unha riqueza que cómpre preservar. Interese pola historia e xénese da lingua galega.</li> <li>• Conciencia da importancia que ten a normalización dunha lingua para a súa supervivencia e difusión.</li> <li>• Valoración da diversidade lingüística na fala como unha riqueza que cómpre conservar</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b> <b>Aprender a aprender</b> <b>Social e cidadá</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Aprender a expresarse oralmente e por escrito de forma adecuada e utilizar activamente as regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións.</li> <li>♦ Comprender o concepto de pluralidade lingüística e recoñecer a diversidade lingüística como elemento arrequeñador das relacións sociais.</li> <li>♦ Valorar e respectar as distintas variantes da fala segundo o territorio</li> </ul> <p><b>Cultural e artística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar e defender.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicalas en feitos da vida diaria.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre a situación sociolingüística do estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>► Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.</li> <li>► Obter información sobre a situación actual do galego, utilizando as modernas tecnoloxías da información, e transformala en coñecemento.</li> <li>► Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.</li> <li>► Entender a realidade social do galego e os fenómenos que a caracterizan: bilingüismo, diglosia, normalización.</li> <li>► Coñecer algúns trazos distintivos da fala dos tres bloques lingüísticos de Galicia.</li> <li>► Comprender os conceptos de <i>lingua oficial</i> e <i>non oficial</i>, <i>lingua dominante</i> e <i>lingua minorizada</i>.</li> </ul>

B L O Q U E	O B J E C T I V O S	C O N T I D O S			C O M P E T E N C I A S	C R I T E R I O S A V A L I A C I Ó N
		C O N C E P T U A I S	P R O C E D E M E N T A I S	A C T I T U D I N A I S		
E D U C A C I Ó N  L I T E R A R I A	<p>1. Coñecer as características que diferencian os textos literarios doutro tipos de textos.</p> <p>2. Coñecer as características propias da literatura popular ou tradicional.</p> <p>3. Recoñecer as composicións literarias que pertencen aos xéneros narrativo, lírico e dramático e identificar as súas características.</p> <p>4. Redactar textos literarios propios partindo das características dos traballados na aula.</p> <p>5. Analizar outra linguaxe estética: a canción..</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● O texto literario.</li> <li>● A literatura popular ou tradicional.</li> <li>● O xénero narrativo: a novela e o conto. Elementos da narración.</li> <li>● O xénero lírico. Recursos estilísticos.</li> <li>● Outras manifestacións líricas: poemas de verso libre, poesía visual, prosa poética. A canción.</li> <li>● O xénero dramático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Identificación das características propias do texto literario nun texto de autor e noutro de carácter tradicional</li> <li>● Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, identificando os recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.</li> <li>● Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc</li> <li>● Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego.</li> <li>● Utilización das tecnoloxías da comunicación na procura, de información sobre as creacións literarias galegas de diferentes épocas.</li> <li>● Creación de textos en lingua galega de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</li> <li>● Análise das características da linguaxe da canción mediante a audición de cancións seleccionadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Valoración do acervo literario como produto estético, lingüístico e sociocultural.</li> <li>● Interese e curiosidade por ler fragmentos de obras literarias galegas.</li> <li>● Valoración da linguaxe literaria como reflexo dunha sociedade e como forma de expresión das paixóns humanas.</li> <li>● Conciencia respecto á riqueza da linguaxe e dos seus procedementos creativos.</li> <li>● Conciencia do uso da literatura como forma de transmisión de valores sociais</li> <li>● Gusto e interese pola lectura de textos literarios.</li> <li>● Respecto pola tradición literaria e sensibilidade estética ante as producións literarias de tradición oral.</li> <li>● Valoración da tradición literaria galega.</li> <li>● Interese por coñecer outras linguaxes estéticas, como a da canción.</li> <li>● Sensibilidade estética perante as producións propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística Social e cidadá</b> <b>Autonomía e iniciativa persoal</b> <b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Coñecer diferentes tipos de manifestacións literarias e relacionalas co seu contexto histórico e social.</li> <li>◆ Ler obras literarias e expoñer unha opinión persoal sobre a lectura, recoñecendo os trazos xerais do xénero.</li> <li>◆ Entender diferentes modelos textuais literarios: poesías, fragmentos de novelas e de textos dramáticos que lles sirvan para facilitarlles a lectura como fonte de pracer.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre as obras e autores da literatura galega.</li> </ul> <p><b>Cultural e artística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas, tanto propias como alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.</li> <li>▶ Coñecer as características propias dos distintos xéneros e captar o valor funcional dos recursos retóricos traballados.</li> <li>▶ Elaborar traballos sobre algunha etapa literaria ou autor estudado.</li> <li>▶ Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.</li> <li>▶ Ler un texto con fluidez e comprensión.</li> <li>▶ Comentar, a partir dun texto, as características propias do xénero.</li> </ul>

### 3.3.2- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º DA E.S.O.

- Fala con fluidez a lingua galega.
- Recoñece a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias dun texto dado.
- Le con fluidez e comprensión e é quen de producir textos con corrección.
- Entende a realidade social do galego e os fenómenos que a caracterizan: bilingüismo, diglosia, interferencias, normalización.
- Coñece algúns trazos distintivos da fala dos tres bloques lingüísticos de Galicia.
- Domina nocións básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñece o enunciado e a oración.
- Identifica a oración simple e a frase.
- Recoñece o suxeito e o predicado dunha oración e identifica as distintas frases que a constitúen.
- É quen de manexar con fluidez termos básicos dos campos semánticos propostos na programación.
- Recoñece as composicións literarias que pertencen aos xéneros narrativo, lírico e dramático.
- Recoñece os principais recursos estilísticos da lírica, narrativa e dramática.

3.2.3- TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 2º DA ESO.

	LECTURA E TRABALLO CO TEXTO	COMUNICACIÓN LING. E SOCIED.	VOCABULARIO	GRAMÁTICA	ORTOGRAFÍA	LITERATURA	O B	OBRADOIRO DE LINGUA	COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
1ª A V A L I A C I O N	1 <b>Castelos na area.</b> Gonzalo Navaza: <i>Eros e Tánatos</i>	A noticia	Dan moito xogo; Palabras compostas	Morfoloxía: o xénero Sintaxe: A oración e a frase	Acentuación	SEN CONTIDO	SEN CONTIDO	SEN CONTIDO	
	2 <b>Volver.</b> Luís Seixido: <i>O cazador de trolls</i>	O status das linguas	Paga a pena coidalos. Sufixos	Morf.: o nº do substan Sintaxe: a frase	O til diacrítico (1)	A literatura popular		SEN CONTIDO	
	3 <b>SEN CONTIDO</b>	SEN CONTIDO	Es o vivo retrato de. Termos complemen	M.: O adex. cualificat. S.: O suxeito (1)	O til diacrítico (2)	O xénero narrativo. Elementos da narración.		A descrición dunha ruta	
	4 <b>Un tesouro.</b> Xosé Neira Vilas: <i>Memorias dun neno labrego</i>	Prexuízos lingüísticos	Festa rachada; Palabras polisémic. e homónimas	M.: os adx. determ (1) S.: O suxeito (2)	O til diacrítico (3)	O conto		SEN CONTIDO	
2ª A V A L I A C I O N	5 <b>Os lobos.</b> Anxel Fole: <i>Á lus do candil.</i>	A reportaxe	Cos pelos de punta Familia léxica e camposemántico	M.: os adex determ (2) S.: o predicado	Signos de puntuación (1)	A microficción	SEN CONTIDO	A descrición dun animal	
	6 <b>SEN CONTIDO</b>	SEN CONTIDO	Termos recíprocos	M.: os pron persoais 1 S.: o pred. nominal	Signos de Puntuación (2)	A novela		Instrucións de uso	
	7 <b>Non te esquecerei.</b> Roald Dhl: <i>Boy (relatos de infancia)</i>	A crónica	Mente sa en corpo san. Termos antónimos	M.: os pron persoais 2 S.: o predicado verbal	Uso do h	SEN CONTIDO		SEN CONTIDO	
	8 <b>O inglés.</b> Alfonso R. Castela: <i>Retrincos. Un ollo de vidro</i>	Os topónimos e as leis	Pénsao dúas veces Prefixos	M.: o verbo (1) S.: o compl. directo	Uso do b e v	SEN CONTIDO		A linguaxe non verbal	
3ª A V A L I A C I O N	9 <b>Nos tempos da fame.</b> Manuel Rivas: <i>Ela, maldita alma.</i>	SEN CONTIDO	Non comas cos ollo Topónimos	M.: o verbo (2) S.: o compl. indirecto	Uso do n e ñ	A poesía. Recursos estilísticos (1). A canción.	SEN CONTIDO	SEN CONTIDO	
	10 <b>Eleccións no instituto.</b> Alice vieira: <i>Caderno de agosto.</i>	Normalización lingüística e cultural	Sodes o que non hai. Xentilicios	M.: as perífrases verb. S.: o compl. circunstan	Uso correcto das vogais	A poesía. Recursos estilísticos (2)		A cohesión textual (1)	O texto normativo
	11 <b>SEN CONTIDO</b>	A entrevista		M.: os adverbios e locucións adverbiais S.: o compl. Axente	Grupos consonánticos (1)	A poesía sen métrica. Xogos poéticos			O formulario
	12 <b>A arrasadeira.</b> Eduardo Blanco Amor: <i>Os biosbardos.</i>	Os bloques lingüísticos	Bótasme unha man Hipocorísticos	M.: Preposicións e loc S.: As clases de oraci.	Grupos consonánticos (2)	O teatro		A cohesión textual (2)	SEN CONTIDO

### 3.3- CONTIDOS, CONTIDOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN DO TEMARIO PARA 4º DA E.S.O.

#### 3.3.1- OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 4º DA E.S.O

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
COMUNICACIÓN ORAL	<p>1. Comprender textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos).</p> <p>2. Comprender e analizar textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.</p> <p>3. Comprender textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación, relatorios, intervencións en mesas redondas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os medios de comunicación audiovisual: análise das linguaxes específicas.</li> <li>O debate.</li> <li>As editoriais radiofónicas.</li> <li>A publicidade.</li> <li>Os textos académicos: presentacións, relatorios, mesas redondas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.</li> <li>Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.</li> <li>Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.</li> <li>Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.</li> <li>Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos.</li> <li>Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.</li> <li>Actitude relexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.</li> <li>Valoración das producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos asociados a ela.</li> <li>Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos orais.</li> <li>Ler de maneira comprensiva.</li> <li>Expoñer información en público de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.</li> </ul> <p><b>Social e cidadá</b></p> <p><b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender a expresarse oralmente de forma adecuada e utilizar activamente as regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións.</li> <li>Asimilar o vocabulario e integralo nas producións orais e escritas adaptadas a situacións comunicativas determinadas.</li> <li>Interiorizar actitudes cívicas e practicar o diálogo como único medio para resolver problemas ou diferentes de opinións.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema e obter información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprender a intención comunicativa implícita ou explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.</li> <li>Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen.</li> <li>Expresar as propias ideas e escoitar as alleas, e ser quen de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.</li> <li>Utilizar o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.</li> </ul>

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
COMUNICACIÓN ESCRITA	<p>1. Comprender e producir textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como contratos ou correspondencia institucional e comercial reclamacións, curricula vitae.</p> <p>2. Comprender textos dos medios de comunicación, especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director.</p> <p>3. Comprender e analizar textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.</p> <p>4. Comprender textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.</p> <p>5. Identificar o tema e os subtemas dun texto argumentativo, analizar os argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos de comunicación social: contratos, reclamacións, solicitudes, correspondencia institucional e comercial curricula vitae.</li> <li>• Os textos xornalísticos: cartas ao director, o editorial, artigos de opinión.</li> <li>• Os textos académicos: proxectos, informes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes.</li> <li>• Análise e composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión.</li> <li>• Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.</li> <li>• Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.</li> <li>• Interese por manterse informado.</li> <li>• Conciencia sobre o carácter procesual da escritura.</li> <li>• Interese por desenvolver as propias capacidades expresivas mediante textos escritos.</li> <li>• Respecto polas convencións da lingua escrita.</li> <li>• Postura crítica ante os medios de información</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos orais.</li> <li>♦ Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema e obter información.</li> </ul> <p><b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Recoñecer a idea central dun texto, así como as ideas secundarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>► Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.</li> <li>► Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.</li> <li>► Consultar textos de diferentes soportes para analizar criticamente a información e integrala na elaboración de traballos académicos.</li> </ul>

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>1. Identificar os elementos formais do texto nos niveis fonético, léxico-semántico e morfosintáctico da lingua galega, de acordo coa norma lingüística, utilizándooas en expresións orais e escritas.</p> <p>2. Ampliar o vocabulario básico.</p> <p>3. Revisar a adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.</p> <p>4. Recoñecer e utilizar en textos de creación propia os mecanismos de cohesión e conexión textual.</p> <p>5. Recoñecer as estruturas sintácticas e os tipos de oracións aplicándooas a construción e revisión de textos.</p> <p>6. Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e respectando as propiedades textuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>As propiedades textuais: adecuación, coherencia, cohesión, gramaticalidade.</li> <li>Léxico: o carácter, emocións e sentimentos, sentidos e sensacións, as leis, tv, radio e cine.</li> <li>Sintaxe: unidades e funcións. As estruturas sintácticas no texto.</li> <li>Fonética: Fonema, son e grafema.</li> <li>Revisión das regras básicas de acentuación e puntuación.</li> <li>Semántica: as relacións semánticas; os cambios semánticos; eufemismos e tabús.</li> <li>Revisión da forma e funcións das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redacción de textos prestando atención especial á puntuación, acentuación e ortografía galegas.</li> <li>Realización de actividades de ampliación do léxico propio dos campos semánticos tratados.</li> <li>Comprensión do sentido global dun texto, identificando os grandes temas presentes neste.</li> <li>Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>Realización de actividades para identificar as estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándooas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.</li> <li>Prácticas de integración nun só texto de todas as regras ortográficas aprendidas ao longo do curso.</li> <li>Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interese e respecto por cumprir coas normas de ortografía, acentuación e puntuación da lingua galega.</li> <li>Conciencia dos límites na transformación e o uso da lingua galega.</li> <li>Valoración dun pensamento pautado e metódico como procedemento de aprendizaxe da lingua, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>Conciencia da importancia da corrección ortográfica.</li> <li>Interese por enriquecer o vocabulario.</li> <li>Conciencia da importancia do dominio da lingua galega, da cultura e da creatividade.</li> <li>Importancia da análise e a reflexión na adquisición de coñecementos a través de los diferentes usos da lingua galega.</li> <li>Conciencia de que a lingua galega é unha ferramenta viva, en transformación.</li> <li>Autoesixencia na elección dun léxico preciso e axeitado.</li> <li>Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b> <b>Aprender a aprender</b> <b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar en usos propios da lingua galega os elementos formais do texto oral ou escrito, nos niveis fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático.</li> <li>Asimilar o vocabulario e integralo nas producións orais e escritas adaptadas a situacións comunicativas determinadas.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Trasladar a unha ficha de traballo os datos estudados.</li> <li>Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.</li> <li>Elaborar diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, expositivos etc) en lingua galega, tendo en conta os criterios lingüísticos, léxicos e gramaticais estudados. Planificar e revisar ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.</li> <li>Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.</li> <li>Utilizar en textos de creación propia o vocabulario básico estudado.</li> </ul>

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
LINGUA E SOCIEDADE	<p>1. <i>Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.</i></p> <p>2. <i>Coñecer as distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX</i></p> <p>3. <i>Comprender a situación sociolingüística galega a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización.</i></p> <p>4. <i>Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A diversidade lingüística na UE e no Estado español.</li> <li>• A historia social do galego no século XX.</li> <li>• O galego hoxe: niveis de competencia e uso. Normalización. Lexislación. O galego no ensino.</li> <li>• As variedades xeográficas ou dialectais. Os bloques lingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise da historia realidade sociolingüística de Galicia e da situación actual mediante o manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación.</li> <li>• Situación de diferentes palabras nun mapa de Galicia segundo os trazos lingüísticos que presenten.</li> <li>• Comentario de textos de diferentes etapas da historia da lingua galega.</li> <li>• Realización de traballos sobre a progresión normalizadora levada a cabo polos distintos axentes encargados de fixar a normativa lingüística galega.</li> <li>• Comparación das circunstancias en que se atopa o proceso de normalización lingüística en Galicia coa situación que viven outras linguas xa normalizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude reflexiva cara á situación actual do galego.</li> <li>• Valoración da lingua galega como propia de Galiza.</li> <li>• Valoración da pluralidade lingüística do mundo e do Estado español como riqueza cultural universal.</li> <li>• Conciencia das necesidades e posibilidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</li> <li>• Valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.</li> <li>• Conciencia da importancia que ten a normalización dunha lingua para a súa supervivencia e difusión.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística</b>  <b>Aprender a aprender</b>  <b>Social e cidadá</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Aprender a expresarse oralmente e por escrito de forma adecuada e utilizar activamente as regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións.</li> <li>♦ Ser capaz de explicar conceptos e contextualizar o aprendido</li> <li>♦ Comprender o concepto de pluralidade lingüística e recoñecer a diversidade lingüística como elemento arrequentador das relacións sociais.</li> </ul> <p><b>Cultural e artística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar e defender.</li> <li>♦ Valorar e respectar as diferenzas dialectais da nosa lingua.</li> </ul> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicalas en feitos da vida diaria.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre a situación sociolingüística do estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>► Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego.</li> <li>► Obter información sobre a situación actual do galego, utilizando as modernas tecnoloxías da información, e transformala en coñecemento.</li> <li>► Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.</li> <li>► Identifica os trazos característicos dos tres bloques lingüísticos.</li> <li>► Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.</li> </ul>

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS			COMPETENCIAS	CRITERIOS AVALIACIÓN
		CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS		
EDUCACIÓN LITERARIA	<p>1. Coñecer as características fundamentais da literatura galega e os autores e correntes literarias máis destacados do século XX e da actualidade.</p> <p>2. Ler e comentar desde o punto de vista do contido e formalmente fragmentos de obras da literatura galega do período estudado.</p> <p>3. Redactar textos literarios propios partindo das características dos traballados na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A literatura no tempo das Irmandades. <i>Ramón Cabanillas. Noriega Varela.</i></li> <li>• O Grupo Nós. <i>Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo.</i></li> <li>• <i>Castelao</i></li> <li>• As Vanguardas. A xeración do 25. <i>Manuel Antonio.</i></li> <li>• A narrativa de posguerra. <i>Eduardo Blanco Amor. Ánxel Fole. Álvaro Cunqueiro. X. Neira Vilas.</i></li> <li>• Nova Narrativa Galega: <i>X.L Méndez Ferrín. Carlos Casares.</i></li> <li>• A poesía de posguerra. A xeración do 36: <i>Celso Emilio Ferreiro.</i> A promoción de Enlace: <i>Luz Pozo.</i></li> <li>• A Xeración das Festas Minervais. O teatro de posguerra.</li> <li>• A narrativa, poesía e teatro actual.</li> <li>• A literatura dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa e do teatro galegos dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.</li> <li>• Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega desde o 1900.</li> <li>• Utilización das tecnoloxías da comunicación e dos fondos da biblioteca, incluídos os virtuais, na procura, recollida e elaboración de información sobre as creacións literarias galegas de diferentes épocas.</li> <li>• Realización de traballos sobre autores, etapas ou obras comentadas.</li> <li>• Creación de textos en lingua galega de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración do acervo literario como produto estético, lingüístico e sociocultural.</li> <li>• Interese e curiosidade por ler fragmentos de obras literarias galegas actuais.</li> <li>• Valoración da linguaxe literaria como reflexo dunha sociedade e como forma de expresión das paixóns humanas.</li> <li>• Conciencia respecto á riqueza da linguaxe e dos seus procedementos creativos.</li> <li>• Conciencia do uso da literatura como forma de transmisión de valores sociais</li> <li>• Gusto e interese pola lectura de textos literarios.</li> <li>• Respecto pola tradición literaria e sensibilidade estética ante as producións literarias de tradición oral.</li> <li>• Valoración da tradición literaria galega.</li> <li>• Sensibilidade estética perante as producións propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores.</li> </ul>	<p><b>Comunicación lingüística Social e cidadá</b>  <b>Autonomía e iniciativa persoal</b>  <b>Aprender a aprender</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Coñecer diferentes tipos de manifestacións literarias e relacionalas co seu contexto histórico e social.</li> <li>♦ Ler obras literarias e expoñer unha opinión persoal sobre a lectura, recoñecendo os trazos xerais do xénero.</li> <li>♦ Entender diferentes modelos textuais literarios: poesías, fragmentos de novelas e de textos dramáticos que lles sirvan para facilitarlles a lectura como fonte de pracer.</li> </ul> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre as obras e autores da literatura galega.</li> </ul> <p><b>Cultural e artística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas, tanto propias como alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes identificar as innovacións e a funcionalidade dos recursos retóricos.</li> <li>▶ Recoñecer as características das principais etapas, obras e autores da literatura galega que se estudan neste curso.</li> <li>▶ Elaborar traballos sobre algunha etapa literaria ou autor estudado.</li> <li>▶ Coñecer e aplicar nas producións propias algúns recursos literarios estudados.</li> <li>▶ Ler un texto con fluidez e comprensión.</li> <li>▶ Comentar un texto literario seguindo uns criterios dados.</li> </ul>

### 3.5.2- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º DA E.S.O.

- Fala con fluidez a lingua galega e sabe utilizar o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.
- Le con fluidez e comprensión e é quen de producir textos con corrección.
- Recoñece as características básicas dos medios de comunicación audiovisual.
- Recoñece a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias dun texto dado e quen de producir textos que respecten as propiedades textuais: adecuación, coherencia, cohesión, gramaticalidade.
- Coñece a lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galiza.
- Coñece e sabe situar nun mapa de Galiza as principais variedades xeográficas do idioma galego.
- Recoñece as unidades e as funcións sintácticas dun enunciado e quen de analizar unha cláusula simple.
- Coñece e aplica as regras de acentuación e puntuación.
- Manexa con fluidez as palabras básicas dos campos semánticos propostos na programación para 4º de ESO.
- Recoñece as características das principais etapas e dos autores da literatura galega que se estudan neste curso.

### 3.2.4 TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 4º DE ESO.

		LECTURA E TRABALLO CO TEXTO	COMUNICACIÓN	FUNCIONAMENTO DA LINGUA	LINGUA E SOCIEDADE	EDUCACIÓN LITERARIA
1ª A V A L I A C I Ó N	1	LECTURA INICIAL	As propiedades do texto. O comentario dun texto poético	Vocabulario: formas de ser. Adxectivos caracterizadores	A lingua galega nos comezos do séc.XX (1900-1936)	O primeiro terzo do século XX. As Irmandades da Fala. Ramón Cabanillas e Noriega Varela.
	2	LECTURA INICIAL	O texto argumentativo	Vocabulario: emocións e sentimentos.	Unha Europa plurilingüe. A diversidade lingüística na UE e no Estado español.	O Grupo Nós.Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.
	3	LECTURA INICIAL	O comentario dun texto narrativo.	Vocabulario : A comunicación. Sintaxe: unidades lingüísticas. A frase e a oración	A lingua galega e a lingua portuguesa	A obra de Castelao.
	4	LECTURA INICIAL	Os textos xornalísticos: cartas ao director e artigos de opinión.			As vangardas. A Xeración do 25. Manuel Antonio. Rafael Dieste
2ª A V A L I A C I Ó N	5	LECTURA INICIAL	Os textos dos medios audiovisuais: o debate.	Fonética. Fonema, son e grafema. O sistema vocálico e consonántico. As funcións sintácticas.	A lingua galega na posguerra (1936-75)	A narrativa de posguerra. Eduardo Blanco Amor.
	6	LECTURA INICIAL	Os textos académicos: proxectos e informes.	Vocabulario: as leis.	As variedades internas da lingua. As variedades xeográficas ou dialectais. Os bloques lingüísticos	A narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole.
	7	LECTURA INICIAL	O comentario crítico.	Vocabulario: Sentidos e sensacións. Sintaxe: As oracións compostas.		A narrativa de posguerra. X. Neira Vilas. Nova Narrativa Galega: Méndez Ferrín e Carlos Casares.
3ª A V A L I A C I Ó N	8	LECTURA INICIAL	Os textos de comunicación social: a reclamación, solicitude e o CV, contratos, correspondencia institucional e comercial.	Sintaxe: As oracións subordinadas substantivas e adxectivas.		A poesía de posguerra: Celso Emilio Ferreiro. Xeración das Festas Minervais. O teatro de posguerra.
	9	LECTURA INICIAL	Os medios de comunicación audiovisual: a linguaxe radiofónica e televisiva.	Vocabulario: Televisión, radio e cine.	O galego hoxe: niveis de competencia e uso. Normalización. Lexislación. O galego no século XXI	A narrativa actual e o teatro actual.
	10	LECTURA INICIAL	Os medios de comunicación audiovisual: a publicidade.	As oracións subordinadas adverbiais.		A poesía actual. Literatura dixital.

MATERIAL DE APOIO: LIBRO DE TEXTO PARA 4º DE ESO **Lingua Galega e Literatura** da editorial Anaya

## 4- METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS CURRICULARES

### 4.1 METODOLOXÍA

Desde a perspectiva construtivista da aprendizaxe tanto a secuencia dos contidos como a posterior concreción didáctica debe estar asentada en dous principios básicos:

- **Principio psicopedagóxico.** Neste principio podemos observar dous aspectos:
  - a) O nivel de desenvolvemento do alumno-a que se concreta en:
    - a.1) *Nivel de desenvolvemento psicolóxico: (Teoría de Vigotsky)* nesta etapa de ensino obrigatorio e, facendo a salvidade de que cada un ten o seu propio nivel de desenvolvemento, imos ter rapaces e rapazas que xa son capaces de traballar sobre dilemas, diferenciando o real do posible, de abordar investigacións e temas abstractos, de abordar técnicas de traballo intelectual como a realización de mapas conceptuais -metodoloxía recomendada sobre todo para o 3º e 4º- esquemas e resumos, e de participar en debates con argumentacións e contra-argumentacións.
      - a.2) *Nivel de coñecementos adquiridos.*
    - b) A aprendizaxe como aprendizaxe verbal significativa. (*Teoría de Ausbel*) Neste aspecto xogará un papel destacado a motivación.
- **Principio didáctico.** Nesta liña didáctica obsérvanse varias consideracións:
  - O enfoque socio-ambiental, pois se no proceso de ensino-aprendizaxe ignorarmos o medio partimos de premisas distorsionadas
  - A autonomía de aprendizaxe, entendendo por ela o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender como actitude e procedemento.
  - A resolución de problemas, para que os nosos alumnos e as nosas alumnas adquiren novos esquemas e desenvolvan a capacidade de buscar solucións.
  - A interactividade, que pretende que os alumnos e alumnas sexan os motores da actividade didáctica. É evidente a importancia desta vertente nunha área como a de Lingua Galega e Literatura centrada no desenvolvemento da capacidade de comprensión e expresión.
  - A aprendizaxe funcional que terá un desenvolvemento progresivo.
  - A individualización. Cada alumno e cada alumna debe seguir un proceso de

aprendizaxe que responda as súas características diferenciais. Isto lévanos directamente ao proceso de avaliación continua - xa mencionado- pola consideración do alumno e da alumna como ser dinámico, integral e pola necesidade de atender á súa complexidade e, finalmente, pola busca de autonomía do individuo que se desenvolve en contextos de autoavaliación.

Tendo en conta estas puntualizacións na secuencia de contidos consideramos os seguintes principios metodolóxicos:

- Explicación de esquemas previos. Para que os profesores e os propios alumnos sexan conscientes dos coñecementos previos.
- Progresión conceptual. Para este principio e para que os alumnos e alumnas sexan conscientes desa progresión é especialmente recomendable a utilización de mapas conceptuais no desenvolvemento das unidades.
- Situacións de aplicación do aprendido, concretadas na competencia tanto oral como instrumental e na tipoloxía de textos, e en relación directa co carácter instrumental da área.

Empregaremos unha **metodoloxía interactiva** en dous planos correlacionados. Un deles é de necesaria vinculación lingua-literatura.(a) Para a xeneralidade do alumnado, a literatura galega vai ser a única peza do espazo simbólico do idioma coñecida: ben partindo dunha familiarización ambiental co idioma do país, ben partindo dunha situación de estrañamento e respecto del, a escrita literaria vai ocupar, por metonimia, o espacio da escrita en xeral (que non existe como tal)

(b) A literatura galega vai ser fonte continuada de coñecemento gramatical, entendendo por tal non o restrito de carácter normativo, senón o **saber idiomático** e máis o **saber elocucional** e o **saber expresivo**: ela proporcionará non só regras para a actuación lingüística, senón tamén a semántica e estilística propias do idioma galego.

(c) A literatura galega permite a realización do seguinte itinerario: utilizamos o textual, o lingüístico, como forma de coñecemento do referente extra-lingüístico; unha vez identificado e comprendido este, voltamos ao texto, ao lingüístico, para captalo en toda a súa significación; non se trata pois, de ningunha incursión gratuita: é o coñecemento do lingüístico o que privilexiamos. Para isto valémonos dunha mensaxe de alto valor estético e tamén comunicativo como é a literatura.

O segundo plano desta metodoloxía interactiva proposta é o que nos levará ao relacionamento do texto literario con outras formas de coñecemento. Tamén aquí realizaremos unha viaxe que vaia do signo literario aos signos e fenómenos non-literarios para, despois da súa detección e comprensión, voltamos ao especificamente literario. A

literatura, como forma de coñecemento, non é isolable das demais humanas; a elas acudiremos non por afán de erudición inconexa, senón por mellor comprendermos o literario na súa produción e función.

Procuraremos pois, en todo momento, traballar tendo en conta a diversidade e as diferencias entre os alumnos-as, atendendo á capacidade, estilo cognitivo, ritmo de aprendizaxe, etc., de cada un, de xeito que todos-as poidan disfrutar de oportunidades, respectando a súa individualidade. Intentaremos que teñan unha aprendizaxe autónoma e se sintan protagonistas do ensino, partindo de realidades e feitos próximos á súa experiencia.

No relativo á forma de traballo, haberá actividades e experiencias en gran grupo, grupos reducidos e de carácter individual, dependendo da materia e dos procesos a traballar e procurando facelo de modo máis axeitado para unha mellor aprendizaxe. En 1º e 2º de ESO faranse tamén experiencias de traballo individual e en pequeno grupo a levar a cabo fóra da escola, basicamente en experiencias creativas como poden ser: busca de información, recollida de material, realización de enquisas, etc. Procurarase sempre a súa integración dentro do traballo escolar pero que sexa máis un disfrute ca unha tarefa.

Todas as actividades serán polo tanto presentadas intentando espertar a motivación e o interese dos alumnos e alumnas para aprender novas conceptos.

## **4.2- MATERIAIS CURRICULARES**

### **4.2.1- LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS**

Como libros de texto empregaremos durante este curso académico os da editorial *Anaya*.

Ademais do libro de texto, que constitúe sempre unha boa referencia ou guía para o traballo dos alumnos-as, os profesores traballarán tamén con aqueles materiais complementarios que consideren oportunos e que sirvan de reforzo ou ampliación do explicado en cada unidade: libros de consulta, libros de lectura e os medios audiovisuais e informáticos.

Entre o material audiovisual dispoñible no centro que se empregará, citamos o seguinte:

- O encerado dixital dispoñible no centro, desde onde realizaremos actividades interactivas botando man dos recursos dispoñíbeis na rede, páxinas con contidos interactivos como por exemplo: [www.cadernodelingua.com](http://www.cadernodelingua.com) ou [www.Rosasalgueiro.com](http://www.Rosasalgueiro.com), [galego.eu](http://galego.eu)

- Os DVD: *Otero Pedraio ou a paixón da terra*; *Castelao e os irmáns da liberdade*, ambos editados pola ASPG. *Frei Martín Sarmiento*, *Os lobos*. Ánxel Fole, *Xogardiario*. Letras Galegas 1998, editados pola Xunta de Galicia, *Historias de Galicia* editado pola Crtvg, etc.
- Os CD: *Rosalía de Castro na voz de Anxo Angueira*, *Rosalía de Castro de Amancio Prada*; *O sentir dunha terra* de Astarot e *Cantigas de amigo de Martín Codax* interpretadas polo Grupo de Música antiga de Compostela, etc.
- O CD que acompaña o libro de texto, co que se traballan os contidos de cada unidade nun formato audiovisual e de maneira interactiva.
- Todo aquel material audiovisual dispoñible na rede.
- En 1º e 2º de ESO traballarase tamén co blog de aula *galegosaron.com*.

#### **4.2.2 LIBROS DE LECTURA**

Os libros de lectura seleccionados para este curso, en principio son os que figuran nesta programación. Poderán ser obxecto de modificación, unha vez que a profesora coñeza mellor os gustos e hábitos de lectura do alumnado, así como posibles novidades editoriais que vaian xurdindo ao longo do curso.

<b>LECTURAS 1º ESO</b>	
1ª AVAL.	<i>O caderno laranxa de Morgana</i> de Pasqual Alapont.
2ª AVAL.	O alumnado poderá escoller entre <i>Cando petan na porta pola noite</i> de Xavier P. Docampo; <i>Escarlatina ou a cociñeira defunta</i> de Leticia Costas e <i>A vaca caníbal</i> de Marilar Aleixandre.
3ª AVAL.	<i>Os Megatoxos ou o aprendiz do druída</i> de Anxo Fariña ; <i>Contos por palabras</i> de Agustín fernández Paz.

<b>LECTURAS 2º ESO</b>	
1ª AVAL.	<i>Noite de voraces sombras</i> de Agustín Fernández Paz.
2ª AVAL.	<i>As lágrimas de Shiva</i> de César Mallorquí e <i>Corazón de Xúpiter</i> de Leticia Costas.

3ª AVAL.	O alumnado poderá escoller entre <i>O espírito do cabaleiro</i> de Cornelia Funke; <i>A pomba e o degolado</i> de Fina Casalderrey.
----------	---

### LECTURAS 3º ESO

1ª AVAL.	<i>Aire negro</i> de Agustín Fernández Paz; <i>Mecanoscrito da segunda orixe</i> de Manuel de Pedrolo.
2ª AVAL.	<i>A cabeza de medusa</i> de Marilar Aleixandre; <i>Carne de pedra</i> de Cornelia Funke;; <i>Ámote Leo. Destino xalundes</i> de Rosa Aneiros.
3ª AVAL.	<i>Os dous de sempre</i> de Castelao ; <i>O inferno de Marta</i> de Pasqual de Alapont; <i>O único que queda é o amor</i> de Agustín Fernández Paz.

### LECTURAS 4º ESO

1ª AVAL.	<i>Morning star</i> de Xosé Miranda; <i>Ollos de auga</i> de Domingo Villar.
2ª AVAL.	<i>Poetízate</i> de Fran Alonso e <i>Os vellos non deben de namorarse de Castelao</i> .
3ª AVAL.	<i>A praia dos afogados</i> de Domingo Villar; <i>Non hai noite tan longa</i> de Agustín Fernández Paz; <i>Persépole</i> de Marjane Satrapi.

## 5- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación como proceso informativo aos pais e aos propios alumnos, formalizarase en tres datas que coincidirán co final dos períodos lectivos correspondentes ao inicio das vacacións de Nadal, Semana Santa e verán, concretamente as datas para este curso lectivo son as seguintes:

1ª aval: **16 de decembro.**

2ª aval: **29 de marzo.**

3ª aval.: **23 de xuño.**

A avaliación extraordinaria de materias pendentes está fixada o **11 de maio.**

Este proceso avaliativo será o resultado da avaliación inicial, formativa e continua que será levada a cabo ao longo de todo o curso e que rematará nunha sesión de avaliación final na que se tomarán os acordos definitivos.

Independentemente do nivel a impartir, o criterio que se debe ter en conta é a globalidade; entendemos que non se pode coñecer un idioma "por partes" senón que este é un conxunto onde hai que valorar a totalidade, desde a expresión oral ata a escrita en todas as súas formas o que nos leva polo tanto a avaliación continua. Así pois o alumno/a debe demostrar ao rematar o curso que domina fluidamente a estrutura da lingua.

### **5.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación para os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais dos diferentes cursos foron xa sinalados no epígrafe correspondente. (Punto 2 da Programación)

## 5.2- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 5.2.1- SISTEMA DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA 2º DA E.S.O

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

APARTADOS	NOTAS	
<b>PROBAS ESCRITAS</b>	De 0 a 8 puntos. Realizaranse dúas probas na 1ª e na 2ª avaliación, e un <b>exame final</b> na 3ª. <i>Non se poderá aprobar cunha nota por debaixo de 3 no apartado de exames.</i>	80% da nota final
<b>LECTURAS</b>	Programarase un <b>libro de lectura para cada avaliación</b> . A demostración da lectura, mediante un control escrito ou oral con preguntas sobre o argumento, ou ben un traballo sobre o libro, será <b>indispensable para superar a materia</b> .	10% da nota
<b>TRABALLO, PARTICIPACIÓN E COMPORTAMENTO</b>	Valorarase o traballo diario, a realización das tarefas, a limpeza e claridade no caderno e o bo uso do material escolar; o esforzo por mellorar, a participación e as actitudes respectuosas. Valorarase negativamente a non realización das tarefas, as actitudes que impidan ao resto dos compañeiros unha aprendizaxe axeitada, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área. Con cada valoración negativa descontarase <b>-0,1</b> e por cada positivo sumarase <b>+0,1</b> , ata un máximo de 1 punto por avaliación.	10% da nota
<p><b>A cualificación final de cada avaliación será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.</b></p> <p><b>A nota final obterase da puntuación acadada na derradeira avaliación, así como da progresión do alumno ou alumna durante o curso académico. A nota será numérica.</b></p>		

## OBSERVACIÓNS:

- *A avaliación pretende valorar o esforzo e o traballo diarios polo que será **continua e formativa**, polo tanto **non hai recuperacións por avaliación** e os contidos vistos en cada trimestre poderán ser materia de exame na avaliación seguinte. En ningún caso se poderán deixar en branco as preguntas específicas da avaliación anterior, o exame ten que estar, neste sentido, compensado, de non estalo o alumno/a non será avaliado positivamente.*
- ***Nas probas escritas baixarase 0,05 por falta de ortografía e presentación-expresión ata un máximo de 1 punto. Nos controis de lectura escritos, así como nos traballos, descontarase 0,05 por faltas graves ata un máximo de 0,5 puntos.***
- *Ao longo do curso o alumnado poderá ter que realizar **traballos individuais** ou en **grupo** cuxo tema será proposto pola profesora, quen informará tamén da avaliación e puntuación dos mesmos.*

## 5.2.2 – SISTEMA DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA 4º DA E.S.O.

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

APARTADOS	NOTAS	
<b>PROBAS ESCRITAS</b>	De 0 a 8 puntos. Realizaranse dúas probas na 1ª e na 2ª avaliación, e un <b>exame final</b> na 3ª. <i>Non se poderá aprobar cunha nota por debaixo de 3 no apartado de exames.</i>	80% da nota final
<b>LECTURAS</b>	Programarase un <b>libro de lectura para cada avaliación</b> . A demostración da lectura, mediante un control escrito ou oral con preguntas sobre o argumento, ou ben un traballo sobre o libro, será <b>indispensable para superar a materia</b> .	10% da nota
<b>TRABALLO, PARTICIPACIÓN E COMPORTAMENTO</b>	Valorarase o traballo diario, a realización das tarefas, a limpeza e claridade no caderno e o bo uso do material escolar; o esforzo por mellorar, a participación e as actitudes respectuosas. Valorarase negativamente a non realización das tarefas, as actitudes que impidan ao resto dos compañeiros unha aprendizaxe axeitada, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área. Con cada valoración negativa descontarase <b>-0,1 e</b> por cada positivo sumarase <b>+0,1</b> , ata un máximo de 1 punto por avaliación.	10% da nota
<p><b>A cualificación final de cada avaliación será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.</b></p> <p><b>A nota final obterase da puntuación acadada na derradeira avaliación, así como da progresión do alumno ou alumna durante o curso académico. A nota será numérica.</b></p>		

## OBSERVACIÓNS:

- *A avaliación pretende valorar o esforzo e o traballo diarios polo que será **continua e formativa**, polo tanto **non hai recuperacións por avaliación** e os contidos vistos en cada trimestre poderán ser materia de exame na avaliación seguinte. En ningún caso se poderán deixar en branco as preguntas específicas da avaliación anterior, o exame ten que estar, neste sentido, compensado, de non estalo o alumno/a non será avaliado positivamente.*
- ***Nas probas escritas baixarase 0,10 por falta de ortografía e presentación-expresión ata un máximo de 2 puntos. Nos controis de lectura escritos, así como nos traballos, descontarase 0,10 por faltas graves ata un máximo de 0,5 puntos.***
- *Ao longo do curso o alumnado poderá ter que realizar **traballos individuais** ou **en grupo** cuxo tema será proposto pola profesora, quen informará tamén da avaliación e puntuación dos mesmos.*

### **5.2.3 - AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Os alumnos e alumnas que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final do mes de xuño disporán dunha convocatoria extraordinaria no mes de setembro na que serán avaliados a través dunha proba escrita e dun control de lectura.

**PROBA ESCRITA:** versará sobre os contidos mínimos de Lingua e Literatura vistos ao longo do curso. A profesora entregará no mes de xuño, xunto co boletín de notas, a relación de contidos de lingua e de literatura que serán obxecto de avaliación na convocatoria de setembro. Esta proba suporá o 90% da nota final.

**CONTROL DE LECTURA:** os alumnos terán que ler con carácter obrigatorio un libro de lectura marcado pola profesora do que serán avaliados a través dun breve cuestionario sobre o seu argumento. Este control suporá un 10% da nota final.

### **5.3 PUBLICIDADE DOS PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

O Departamento de Lingua Galega e Literatura informará aos alumnos e aos pais dos procedementos de avaliación contidos na programación didáctica.

Os alumnos disporán no taboleiro das aulas dunha copia dos criterios e instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación. Os pais serán informados dos mesmos na reunión que a principios de curso teñen cos profesores e estarán dispoñibles para a súa consulta en calquera momento do curso escolar xunto coa programación didáctica do departamento na páxina web do centro.

#### **5.4 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Entre as técnicas e instrumentos para avaliar teremos fundamentalmente en conta as seguintes:

- Coñecemento da estrutura da clase a través da observación directa.
- Observación do traballo diario na clase así como das actividades levadas a cabo fóra da aula, valorando a actitude, esforzo e atención. Dita observación quedará recollida no diario de clase do profesorado.
- Análise das tarefas a través dos cadernos de traballo, libros, traballos individuais e en grupo .
- Probas específicas que versarán sobre os contidos vistos nas aulas e que serán escritas e orais (ditas probas serán o máis obxectivas posibles, o alumnado coñecerá en todo momento a puntuación parcial outorgada polo profesor a cada cuestión)
- Control da lectura de libros.
- Autoavaliación: tentarase que os alumnos sexan responsables do seu propio proceso de aprendizaxe, deste xeito periodicamente o alumnado autoavaliarase para tomar conciencia dos seus avances, atrancos e retrocesos e así chegue a responsabilizarse da súa educación.
- Entrevistas cos pais e titores.

##### **5.4.1 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial realizarase no primeiro mes do curso escolar e terá como meta establecer un diagnóstico sobre o grao de dominio por parte dos alumnos dos contidos mínimos imprescindibles para construír sobre eles novas aprendizaxes, con especial atención ás competencias básicas, así como ás peculiaridades na forma de aprender de cada alumno e alumna, sen esquecer aspectos relativos ao grao de integración social do alumno/a no centro.

Para acadar unha valoración previa do alumnado co que afrontar o proceso de

ensino-aprendizaxe ao longo do curso académico, seguirase o seguinte procedemento:

1º.- Procura de información do historial académico dos alumno/as, prestándose especial atención aos informes avaliadores do titor ou titora do curso anterior e recabará toda a información que precise sobre os alumnos no Departamento de Orientación.

2º.- Xunto á observación directa das destrezas básicas do alumnado na aula, realizarase unha proba de avaliación inicial que versará sobre os contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso pasado. A proba, que non será avaliada con nota, elaborárase seguindo o bloque de contidos: **Comunicación oral e escrita, Funcionamento da Lingua, Lingua e sociedade e Educacion Literaria**, seleccionando de cada un deles o máis significativo, importante e básico.

3º.- O profesorado prestará especial atención neste primeiro achegamento ao alumnado a súa integración social, se se relaciona axeitadamente cos profesores e compañeiros e tamén a actitude do alumno/a ante o estudo, se traballa con regularidade e de forma organizada, se participa activamente no desenvolvemento das clases e se asiste ao centro de forma continua e cumpre o horario escolar.

## 6- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade levarase a cabo en primeiro lugar detectando as diferentes capacidades que presenta o alumnado. Este ano contamos con cinco repetidores en 1º de ESO, un deles con ACES de 3º ciclo. En 2º da ESO contamos con dúas alumnas con ACES de 1º de ESO e dúas alumnas que repiten curso en 3º de ESO.

En 1º e 2º traballarase co PT, que terá 3 horas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais en 1º de ESO e unha hora en 2º de ESO. Procuraremos motivalos mediante estratexias, actividades e mesmo materiais didácticos diferenciados. As *actividades de reforzo* programadas incidirán nas chamadas destrezas básicas, traballarase con textos de lectura apropiados ao seu nivel, con exercicios adaptados, con libros de lectura acorde cos seus gustos e intereses para mellorar a súa capacidade de expresión e comprensión. Estas actividades de reforzo están pois encamiñadas a conseguir que estes alumnos con máis dificultades avancen progresivamente e cheguen a acadar os obxectivos propostos para o curso. Asemade atenderase tamén a aqueles alumnos que están por riba do nivel do grupo, para eles introduciremos actividades de ampliación, traballos individuais

sobre algún dos contidos vistos, e mesmo sesións nas que eles sexan os protagonistas ao facelos responsables da transmisión da información.

## **7- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES**

Aqueles alumnos e alumnas con Lingua Galega e Literatura pendente terán que recuperar a materia superando os contidos mínimos fixados para cada curso. Os criterios de avaliación son os fixados na programación didáctica.

Con relación aos procedementos e instrumentos de avaliación, ao ser a Lingua Galega e Literatura unha materia con contidos progresivos xunto á observación directa do alumno na clase no curso no que está matriculado, o profesor levará a cabo un **plan de traballo** consistente na programación de actividades que axuden o alumno a acadar os contidos mínimos marcados para a superación da pendente, á vez que sirvan para reforzar a asimilación dos contidos do curso no que está matriculado. Ditas actividades, entregaranse nun caderno de traballo secuenciado en tres trimestres con exercicios que axuden a consolidar a súa competencia lingüística: de gramática, de ampliación de léxico, de redacción, análise e síntese de textos, así como de comentario literario de textos.

A profesora proporcionará aos alumnos/as o caderno de traballo que será revisado e comentado periodicamente.

### **Probas de avaliación**

O alumno/a será avaliado mediante a realización dunha proba escrita na convocatoria extraordinaria do mes de maio, ou ben en setembro, que versará sobre os contidos traballados ao longo do curso.

## **8- ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

Co alumnado que repita curso incidirase na mellora da aprendizaxe e na motivación, así como dedicarse unha especial atención aos aspectos actitudinais: a mellorar os hábitos de disciplina, estudo e traballo tanto individual coma en equipo. A repetición adoita provocar desmotivación no alumnado, nalgún caso con sensación de fracaso, polo que se procurará

variar as actividades, proporcionándolle aquel material de reforzo ou de ampliación que sirva para mellorar o seu rendemento.

## **9- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO**

### **9.1 CARACTERÍSTICAS XERAIS E OBXECTIVOS**

Como vén sendo habitual, desde o Departamento promoveranse diferentes actividades educativas tanto dentro coma fóra do centro para conseguir unha educación integral do alumnado. Con estas actividades pretendemos traballar os contidos do currículo da área dunha maneira lúdica e polo tanto máis atractiva para o alumnado, mais tamén tentamos ir máis alá ao procurar pór en contacto os nosos alumnos coa realidade social, cultural e xeográfica de Galicia, fomentando asemade valores como a creatividade, a solidariedade e o respecto entre eles.

### **9.2 ACTIVIDADES**

As actividades extraescolares e complementarias que foron programadas para este curso 2015-16 poderán ser obxecto de modificación ou ampliación dependendo das propostas doutros departamentos didácticos e da oferta cultural dispoñible durante o curso.

- 1º trimestre: **Celebración do VI Día da Ciencia en Galego**. O 5 de novembro celebraremos esta data reivindicativa coa asistencia dos cursos 3º e 4º de ESO á videconferencia titulada: *A máquina que constrúe a mente e a realidade*, organizada pola CEDNLG e impartida polo profesor Xurxo Mariño.
- 2º trimestre: O 13 de xaneiro realizaremos unha **Ruta literaria polo Museo Provincial de Lugo** co alumnado de 2º de ESO.
- 3º trimestre: No mes de abril visitarase co alumnado de 3º e 4º de ESO **Casa Museo de Manuel María** en Outeiro de Rei e realizarase un **roteiro pola poesía, lugar e persoa de Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro** da man do alumnado do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz.

Á parte destas actividades realízanse, como vén sendo habitual, outras complementarias en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo da Biblioteca arredor de conmemoracións sinaladas como o **Samaín**, o **Nadal**, o **Día de Rosalía**, o

## **10- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

### **10.1 EDUCACIÓN EN VALORES**

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade galega. Así pois centrarémonos nuns obxectivos básicos para desenvolver nos diferentes cursos.

Queremos incidir, dado o carácter instrumental da área, na inclusión da "Educación para o uso non sexista da lingua"

#### *1 - Educación para o uso non sexista da lingua.*

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Detectar trazos sexistas da lingua e iniciar a resolución mediante formas axeitadas.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Detectar trazos sexistas da lingua e resolver mediante formas axeitadas.

#### *2- Educación ambiental*

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Fomentar o apego á terra (sentir a terra) e o respecto ao medio ambiente.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Reflexionar sobre actitudes de rexeitamento da terra e sobre problemas medioambientais contemplando posibles solucións.

#### *3 - Educación para a igualdade.*

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Adquirir un concepto de paz na dimensión de ausencia de violencia provocada por algún tipo de discriminación social, con especial atención ás de tipo lingüístico e cultural.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Tomar conciencia das situacións de conflito provocadas por situacións de desigualdade e discriminación -con especial atención ás de tipo lingüístico e cultural-, e reflexionando sobre as causas e sendo capaz de tomar decisións para solucionarlas.

#### 4- *Educación na sexualidade e na saúde.*

##### - Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Coñecer e interiorizar as normas básicas para a saúde física e non física, recoñecendo criticamente situacións e condutas que poidan implicar perigos e riscos para a persoa.

##### - Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais, e a utilizar unha linguaxe adecuada e respectuosa.

#### 5- *Educación vial.*

##### - Obxectivo 1º e 2º de ESO

- Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación e convivencia regulada por signos, sinais e normas.

##### - Obxectivo 3º e 4º de ESO:

Analizar criticamente as mensaxes verbais e icónicas de propaganda e publicidade directamente relacionadas con vehículos.

## **10.2- PLAN DE CONVIVENCIA**

Para as contribucións do Departamento ao **Plan de convivencia**, remitimos ao documento elaborado no centro onde se detallan as liñas de actuación.

## **11. FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC**

### **11.1- O PLAN LECTOR**

O fomento da lectura na área de Lingua Galega e Literatura aparece recollido nos obxectivos xerais da etapa, nos seguintes termos:

- *Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.*
- *Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.*

Ao partirmos destes obxectivos, as propostas de fomento da lectura por parte do Departamento son constantes ao longo de todo o ano e en todos os cursos da etapa. As actividades, coas que se pretende traballar máis especificamente a competencia comunicativa e a cultural e artística, son as seguintes:

- **Actividade inicial de cada unidade didáctica.** Pártese dunha lectura individual (en voz alta e en silencio) con seguimento colectivo na que valoramos: entoación, ritmo e velocidade. Trátase de facer as correccións ao alumnado no momento da lectura. Trabállase a comprensión lectora: o vocabulario, a discriminación de ideas principais e secundarias, o resumo, a síntese do tema.
- **Lectura doutros textos relacionados con cada un dos aspectos de cada unidade de traballo:** puntuación, ortografía, a gramática, a tipoloxía textual, etc.
- **Lectura de textos literarios** e comentario dos mesmos atendendo aos xéneros, aos movementos literarios ou autores destacados e aos recursos estilísticos.
- **Lectura de entretemento** a través dos libros recomendados polos docentes. En 1º e 2º de ESO foméntase a lectura deixando que sexan os alumnos os que escollan os libros que desexan ler do catálogo da biblioteca e, en 3º e 4º, márcaselles, con carácter obrigatorio, unha ou dúas lecturas por trimestre.
- **Lectura previa de revistas variadas** e a continuación selección e elaboración dun tema relacionado coa lectura, do que terán que informar os compañeiros a través dunha exposición oral na clase.
- **Información das novidades literarias en galego** que poidan ser do interese do alumnado.

### **11.3- O FOMENTO DAS TIC**

Desde a nosa área, o fomento das novas tecnoloxías materialízase en dous ámbitos:

- O metodolóxico coa utilización de diferente material audiovisual en galego, dispoñible no centro e na rede, e co emprego do encerado dixital para dar aulas. (Material ao que xa fixemos referencia no apartado específico de metodoloxía e materiais.)
- O curricular ao vir marcado como un dos obxectivos xerais da etapa:
  - *Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.*

A competencia no tratamento da información e a competencia dixital trabállase a nivel

de contidos nas unidades dedicadas aos medios audiovisuais, coa análise das características da linguaxe audiovisual, e nas unidades dedicadas a presentación e a utilización de correctores ortográficos.

Procedementalmente a rede é un recurso indispensable para os alumnos na procura de información sobre autores, textos, libros, etc. Así como o soporte audiovisual é unha ferramenta fundamental na presentación de traballos de aula.

### **11.3.1- O PROXECTO “ABALAR”**

Este curso continuarase co Proxecto Abalar en 1º e 2º da ESO e neste sentido seguiremos traballando co blog da materia, *Galegosaron.blogspot.com*, para empregar o máximo posible as TIC nas clases.

## **12- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A presente programación é un plan de traballo para este curso académico susceptible de ser revisado e mellorado. Así, propoñémonos en todo momento levar a cabo un proceso de reflexión crítica sobre a nosa actuación docente coa finalidade de avaliar o funcionamento de cada unidade didáctica e con vistas a melloralas no caso de non ser positivo, é dicir, dos resultados da aprendizaxe non seren óptimos. Neste proceso de autoavaliación atenderemos:

- Ás dificultades que se lle presentaron os alumnos na posta en marcha de cada unidade.
- Á adecuación das actividades.
- Á actuación do profesor e a metodoloxía empregada.
- Á idoneidade dos contidos e á súa secuenciación.
- Ao ambiente de traballo na aula.
- Á coherencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades, contidos e avaliación.

Implicaremos tamén na avaliación da programación e do proceso de aprendizaxe ao propio alumnado proporcionándolle regularmente cuestionarios nos que valoren a práctica docente. (Vid. Anexo 2)

## 13- ANEXOS:

### 13.1 - ANEXO I: As faltas de ortografía nos criterios de cualificación.

#### **1º e 2º de ESO**

*Nos exames baixarase 0,05 por cada falta ata un máximo de 1 punto.*

*Nos controis de lectura e traballos baixarase 0,05 por cada falta grave ata un máximo de 0,5.*

#### **3º e 4º de ESO**

*Nos exames baixarase 0,10 por cada falta ata un máximo de 1 puntos.*

*Nos controis de lectura e traballos baixarase 0,10 por cada falta grave ata un máximo de 0,5.*

### FALTAS GRAVES

Escribir en castelán.

Non distinguir entre s/x, b/v, una/unha...

Acento diacrítico

Usar formas compostas co verbo haber \*he dito.

Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas \*o vin, \*se nos dixo.

Non respectar as normas que impoñen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...

Confundir o xénero dos substantivos: \*a leite, \*a mel, \*o viaxe,...

Usar as formas do demostrativo popular \*estos \*esos.

Non usar os posesivos co artigo diante \*nosas cousas.

Empregar o plural \*quenes.

Usar as formas apocopadas \*primer, \*primeir.

Escribir os numerais \*cuarenta \*ochenta, \*quinientos.

Vacilar no uso dos cardinais \*deceseis, \*dazaseis.

Deformación de formas dos indefinidos \*alguién, \*ninguién, \*naide.

Apocopar a forma calquera \*calquer, \*calqueira.

Usar algún/algunha nas frases negativas \*non me produciu satisfacción algunha.

Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais te/che, lle, lles/o, os \*xa te fixen o recado, \*chameille por teléfono.

Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación \*traballa máis ca eu.

Conxugar os verbos con erros \*anduvén/andiven, \*podría, \*estuvo, \*iba, \*salgo, \*traigo, \*creer, \*supen.

Manter o grupo -zc na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo \*conduzco, \*obedezco,\*conduzca\*obedezca.

Escribir a preposición a na perífrase IR + INFINITIVO \* vou a ir ó cine.

Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª \*batir, \*ocurrir.

Castelanizar certos adverbios e preposicións \*ahora, \* hasta, \*sin, \*según

## FALTAS LEVES

Acentuación.

### **13.2 - ANEXO II:**

#### 13.2.1- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO POR PARTE O ALUMNADO

##### **1. Os contidos resúltanche:**

- |                                     |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="radio"/> Moi difíciles | <input type="radio"/> Fáciles       |
| <input type="radio"/> Difíciles     | <input type="radio"/> Comprensibles |
| <input type="radio"/> Aburridos     | <input type="radio"/> Interesantes  |

##### **2. As actividades que realizas resúltanche interesantes?:**

- |                                 |                                |
|---------------------------------|--------------------------------|
| <input type="radio"/> Nada      | <input type="radio"/> Algo     |
| <input type="radio"/> Moi pouco | <input type="radio"/> Bastante |
| <input type="radio"/> Pouco     | <input type="radio"/> Moito    |

##### **3. Que che parecen os materiais?:**

- Díficiles
- Aburridos
- Inaxeitados
- Escasos
- Comprensibles
- Agradables
- Axeitados
- Abundantes

**4. Como cres que aprendes mellor?:**

- Cando explica o profesor
- Estudando ti só
- Cando fas traballos individuais
- En grupo
- Outros (Explica cales)

**5. Entendes as explicacións do profesor?:**

- Nunca
- Ás veces
- Sempre

**6. Que ideas achegarías para mellorar a túa aprendizaxe?:**

.....

.....

13.2.2- AVALIACIÓN DA PROFESORA

Marca o recadro correspondente segundo a túa valoración. Podes utilizar este símbolo **X**.

<b>VALORACIÓN</b>	<b>NADA</b>	<b>POUCO</b>	<b>ALGO</b>	<b>BASTA NTE</b>	<b>MOITO</b>
1.- O profesor trata de que o entendan todos os alumnos					
2.- O profesor fai que os alumnos máis tímidos traten de participar nas actividades orais.					
3.- Cando os alumnos cometen erros o profesor corrixe, axudando aos alumnos, sen incomodarse.					
4.- A materia resulta agradable coas actividades					

que o profesor propón.					
5.- Cando pregunta faino de modo que participe o maior número de alumnos, non está pendente soamente duns cantos.					
6.- Axuda aos alumnos que teñen máis dificultades.					
7.- As explicacións do profesor enténdense facilmente.					
8.- Atende as suxestións do alumnado.					
9.- Negocia cos alumnos e alumnas distintas formas de desenvolver o traballo na clase.					
10.-Coa súa forma de ensinar apréndese mellor para traballlar noutras áreas e estudar mellor.					
11.-					
12.					

Xove, 16 de outubro de 2015

ASDO. M<sup>a</sup> Inmaculada Gayoso Neira  
( Xefa do Departamento)